

POLÍTICA DE MEDIO AMBIENTE: INSTRUMENTOS POLÍTICOS E ECONÓMICOS PARA UNHA POLÍTICA INTEGRADORA EN MATERIA MEDIOAMBIENTAL¹

MARÍA GARCÍA AÑÓN

Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración
Universidade de Santiago de Compostela

Palabras clave: Política de medio ambiente, economía, instrumentos económicos, principio utilizador pagador, ecoplanificación, instrumentos regulamentarios, tarificación de recursos naturais, reforma fiscal, desenvolvemento sustentable, integración

Key words: Environmental policy, economics, economic tools, "user pays" principle, environmental planning, regulatory instruments, evaluation of natural resources, fiscal reform, sustained development, integration

Resumo

Os gobernos están a internaliza-los problemas medioambientais, levando a cabo unha ecoplanificación, que incide nas formas de produción e nos axustes económicos, e que ten por obxecto lograr un 'desenvolvemento sustentable' capaz de satisfacer as necesidades de xeracións presentes e futuras. Para iso, é preciso realizar unha xestión integrada do Medio Ambiente, empregando:

- I) Principios económicos: As distintas políticas de Medio Ambiente baséanse en:*
- a) O Principio Contaminador-Pagador, que significa que deberán imputarse ó contaminador os gastos ocasionados polas medidas tomadas polos poderes públicos para que o Medio Ambiente retorne a un estado aceptable;*
 - b) O novo Principio Utilizador-Pagador, que significa que repercutirán sobre o utilizador a totalidade dos custos na tarificación dos recursos públicos, é dicir, exténdese á totalidade de custes derivados da utilización dos recursos.*

II) Instrumentos políticos: tarificación, instrumentos económicos, instrumentos regula-

mentarios, instrumentos técnicos, científicos e tecnolóxicos, aplicar medidas de protección medioambiental no comercio internacional, reforma fiscal e educación cidadán. Estes instrumentos deben constituir unha incitación a reducir a contaminación, mais tamén hai que coidar que os gravames sexan verdadeiramente equitativos, o que convirte ó Medio Ambiente nun tema de decisión política.

Abstract

As the result of their increasing awareness of environmental problems, governments currently suggest modes of production and economic measures to environmental analysis and planning with a view of ensuring sustained development for present and future generations. This objective requires integrated management of the environment based on the following two types of technique.

I) Economic tools: Environmental policies are based on two main approaches: a) the principle of "polluter pays", by which the costs incurred by public authorities in returning the environment to an acceptable condition are charged to the polluter; and b) the broader

principle "user pays", by which the totality of the costs derived from the use of public resources are passed on to the user.

II) Political tools: These include charges for the use of public resources and other economic measures, legal instruments, the use of technical, scientific and technological resources, the application of environmental protection measures in international trade, fiscal reform and education of the public. While encouraging the reduction of pollution, these tools must be equitable, which makes environmental policy an issue for political decisions.

1. INTRODUCCIÓN

A Economía non pode analizarse unicamente desde unha perspectiva de produtividade e eficiencia, senón que tamén esixe ser tratada cun enfoque multidimensional e transdisciplinar e, ademais, como ciencia social, ten que estudiarse integrada coas decisións políticas, os recursos naturais e as propias relacións sociais, áreas coas que comparte un espazo común, que debe orientarse cara o mellor nivel de desenvolvemento sostido e de equidade.

2. ¿CRECIMENTO VERSUS DESARROLLO?

As investigacións actuais sobre a degradación do Medio Ambiente, apuntan cara a idea de que a existencia da humanidade, está ameazada —segundo o resumo que fai A. Sauvy do Informe ó Clube de Roma de 1972 sobre os límites do crecemento²— polos seguintes feitos: o rápido aumento da poboación do mundo, as cantidades limitadas dos recursos minerais non renovables e a degradación do capital natural, a causa non só do aumento demográfico, senón tamén do consumo per cápita. A iso habería que engadi-lo conflito entre a produción e o Medio Ambiente mencionado por O. Lafontaine³ cando di que "o concepto da solidariedade, como o do traballo, experimentaron unha ampliación sorprendente do seu significado; está, por exemplo, a solidariedade coa natureza, coas xeracións futuras. Estamos a tomar decisións

nesta orde que van determinar ás xeracións vindeiras durante 500.000 anos, como ocorre no caso da radiación de plutonio. Neste tema de solidariedade trátase, unha vez máis, dun proxecto cultural que implica a toda a sociedade e non só á empresa (...) Os conflitos de futuro non son só conflitos entre o capital e o traballo, senón tamén entre a produción e o Medio Ambiente".

Este conflito entre produción e o Medio Ambiente, correspóndese co enfrontamento entre o crecemento e o desenvolvemento, xa que o crecemento por si só, non significa que se estea a dar un desenvolvemento económico, xa que logo para que este se produza, debeu terse en conta a avaliación do crecemento, non só dirixida a obxectivos cuantitativos, senón tamén a obxectivos cualitativos, á preservación e mellora da existencia de recursos naturais, ademais de propicia-lo desenvolvemento social.

2.1. A PLANIFICACIÓN MEDIOAMBIENTAL OU A ECOPLANIFICACIÓN

A través de regulamentacións de carácter internacional e nacional, a Administración do Estado engade a dimensión medioambiental, elaborando grandes liñas e normas de acción para a planificación nacional, rexional ou sectorial. Esta planificación lévase a cabo para lograr un maior desenvolvemento económico e social e debe reflectir uns obxectivos a longo prazo, o que facilita unha visión máis correcta no tocante ós recursos naturais, é dicir, dos produtos naturais aproveitables para as necesidades e actividade económica do home, do coñecemento dos seus ciclos, permitindo protexe-la súa perennidade e evitando a súa desaparición nun futuro máis ou menos afastado. Trátase da necesidade de integra-las cuestións económicas e ecolóxicas na planificación política, a partir do concepto do "desenvolvemento sustentable"⁴ que se define como o desenvolvemento que satisface as necesidades do presente, sen compromete-la capacidade de que as futuras xeracións poidan satisfacer-las súas propias necesidades. Este desenvolvemento sustentable depende de que cada nación, ó mesmo tempo que consegue obte-lo seu potencial económico, logre á vez, preserva-la base do recurso ambiental sobre a que debe asentarse o dito desenvolvemento.

Respecto á escaseza actual dos recursos naturais, esta conduce á valoración económica-monetaria dos mesmos, valor que ó rexerse polas leis de mercado, non adoita corresponderse co seu valor ecolóxico. Vemos pois que nos recursos naturais poden darse as características de escaseza e cantidade de traballo necesario (canto máis escaso sexa o recurso, será necesario empregar maior cantidade de traballo para conseguir dito recurso), co que temos un valor de uso e un valor de cambio.

En todo caso, a integración do Medio Ambiente na política económica, supón unha renuncia á totalidade do seu ámbito, en canto iso "significa abandona-la parte máis apreciada do concepto do Medio Ambiente: a súa cobertura global"⁵. Para tratar de evita-lo sometemento do Medio Ambiente ás fluctuacións do mercado, é necesario establecer unha política que vele pola súa protección, previndo os danos, restaurando os deterioros, conservando os recursos e creando novos recursos⁶. Esta política desenvolvida non só a nivel nacional, senón tamén a través da cooperación internacional, é un elemento básico para elaborar unha normativa-marco o suficientemente estable para loitar contra a contaminación, ó mesmo tempo que se inclúen outros elementos interrelacionados, pois como define a Comisión Europea, o Medio Ambiente debe ser considerado como a asociación de elementos na que as relacións mutuas determinan o marco e as condicións de vida, reais ou sentidas dos individuos e das sociedades, é dicir, tendo en conta ademais dos factores conservacionistas clásicos, aqueles outros factores que abranguen o funcionamento do sistema socio-político, incluída a participación do público na toma de decisións.

A devandita participación do público expresada normalmente, en forma de esixencias á procura dunha maior calidade ambiental, obriga ó Poder a respostas —normalmente tecnocráticas— que tratan de compatibiliza-lo crecemento coa protección ambiental. Para evitaren que as devanditas esixencias poidan desestabilizar ó Poder, os gobernantes deben internaliza-lo problema o que, asemade, ha incidir nas formas de produción e ha precisar de novos axustes económicos, convertíndose o Medio Ambiente nun tema fundamentalmente

político.

2.2. XESTIÓN INTEGRADA DO MEDIO AMBIENTE

O Medio Ambiente e a súa degradación, afecta á vida do noso planeta, polo que o seu alcance é global e integrador, debendo ser tamén integradora a política que o xestione, en canto ó que se relaciona cos distintos ámbitos que abrangue, así como no resto das demais políticas.

2.2.1. Obxectivos de integración

O obxecto da integración das preocupacións do Medio Ambiente nas distintas políticas, tanto xerais coma sectoriais, é escolle-los mellores medios que atinxen á utilización dos recursos para maximiza-lo desenvolvemento socio-económico a longo prazo. Esta integración do Medio Ambiente noutras políticas, ha de xogar un papel dinámico e potencia-las medidas de carácter anticipativo e non quedarse tan só en solucións correctivas de feitos consumados, que non sempre son posibles de emendar. Para iso, é fundamental, compatibiliza-la Economía co Medio Ambiente, tratando de evita-la dilapidación de recursos naturais e levando a cabo unha mellor utilización dos mecanismos de mercado⁷.

2.2.2. Instrumentos políticos para a integración

• Tarificación

Supón presentar ós consumidores os custos reais do prezo da protección do Medio Ambiente, o que non só conciencia ós ditos consumidores acerca das súas propias accións respecto ó Medio Ambiente, senón que tamén obriga ós produtores a levar a cabo unha corrección das actividades contaminantes de produción. Aínda que a Administración pública gravara exclusivamente ós produtores-utilizadores de recursos naturais, dito gravame chegaría a afectar ós prezos e, polo tanto, ós consumidores. A tarificación dos recursos naturais, baseada en que ditos recursos son bens económicos, implica que a súa explotación debe supoñer 'custos directos para o utilizador', os cales comprenden ó tempo os 'custos para as xeracións futuras' de acordo co concepto do desenvolvemento sustentable, e

as 'externalidades' ou os efectos secundarios que pola súa utilización poden degradar o Medio Ambiente. Isto supón defini-lo 'xusto prezo' dos recursos, a través dos mecanismos de mercado, tendo en conta que:

- a) Os prezos deben mante-lo equilibrio entre os recursos, e os obxectivos e preferencias da colectividade, conforme ó principio de soberanía do consumidor.
- b) Ós custos relativos á rareza dos recursos naturais, hai que engadir-lle-los custos ligados á súa produción, marcando ambos un prezo que sexa un indicador da escaseza do recurso que se trate, e que permita influír no comportamento dos axentes económicos regulando a utilización dos mesmos e evitando á súa dilapidación.
- c) Considera-lo reparto de rendas relativo ó 'valor' do principio de equidade.

● Instrumentos económicos

Os instrumentos económicos son ferramentas políticas que se benefician dos principios de mercado para alcanza-los seus obxectivos. Poden ser transferencias financeiras entre contaminadores e a comunidade, a creación efectiva de novos mercados e as axudas económicas (afnda que estas últimas non sexan xeralmente compatibles co PPP). Considérase que contan con máis vantaxes cós instrumentos regulamentarios: maior efectividade do custo, incentivos permanentes para reduci-la contaminación, maior flexibilidade na aplicación e modificación, ademais de percibir uns ingresos que poidan destinarse a mellora-la calidade ambiental⁸.

Os Instrumentos económicos, contrariamente ás regulamentacións directas, permiten ós actores a liberdade de reaccionar a certos estímulos de xeito que eles estimen por si mesmos cal é a solución máis favorable. Tamén se pode lograr que o efecto de incitación dos instrumentos económicos, sexa un resultado final explicitamente buscado. Os instrumentos económicos procuran —a fin de protexe-lo Medio Ambiente— incitacións financeiras para unha acción voluntaria e non por medio de limitacións legais dos contaminadores. Son de efecto menos previsible no tempo cós instrumentos regulamentarios, pero se se aplican de forma axeitada, dito efecto pode resultar duradeiro.

Pódese da-lo caso de que non só a ausencia de prezos senón tamén a aplicación de prezos non axeitados, conduzan á degradación excesiva do Medio Ambiente. Neste sentido, os instrumentos económicos preséntanse como substitutivos dos mecanismos de prezos e teñen a vantaxe de producir beneficios que se poidan destinar a mellora-lo Medio Ambiente, a axuda-la transición cara a unha tecnoloxía menos contaminante, investigación, etc.

● Instrumentos regulamentarios

Os instrumentos regulamentarios das políticas do Medio Ambiente, son medidas institucionais destinadas a influír directamente na acción dos contaminadores sobre o Medio Ambiente, a través de regula-los procedementos ou os produtos empregados e prohibindo ou limitando o vertido de certos contaminantes, ou fixando certas horas e zonas, ou outras condicións para o exercicio deste tipo de actividades, impondo un sistema de autorización, normas, zonas e outras medidas⁹. A característica principal, é que non se lle deixa ó contaminador outra elección: debe actuar conforme á normativa, ou en caso contrario expónse a ser sancionado como resultado de procedementos xudiciais ou administrativos. Acostuman ter un efecto previsible e duradeiro, afnda que requiren unha longa elaboración para redacta-los textos de lei; son pouco incitativos; a súa eficacia económica é reducida; e son moi pouco dinámicos.

A regulamentación directa, contendo normas definidas en canto á degradación do Medio Ambiente, desmostrouse que non ofrece por si soa, unha incitación para reduci-la devandita degradación do Medio Ambiente por debaixo do nivel regulamentario fixado, fundamentalmente, porque isto último significaría un incremento do custo de produción, no sentido de que faría falta adoptar tecnoloxía cada vez máis limpa. Por iso, a aplicación simbiótica de instrumentos regulamentarios e instrumentos económicos, demostrou unha maior eficiencia, xa que integra ós primeiros nos procesos de mercado.

Mesmo existen modelos que van máis lonxe, introducindo unha normativa en ditos mecanismos de mercado para obter un custo mínimo en termos de crecemento económico, como por exemplo, no caso dos permisos nego-

ciables nos que se trata de emitir un número limitado de permisos autorizando a explotación do Medio Ambiente, puidendo os titulares dos mesmos, negociarlos (vendelos e compralos) a prezo de mercado. Persoalmente, vexo con reticencia esta negociación, xa que non sempre os mesmos efluentes de contaminación teñen os mesmos resultados en tódolos entornos (por exemplo, unha zona dun río con pouco movemento e caudal terá menos efectos depurativos, ca noutra zona do mesmo río onde ditas características sexan óptimas); e por outra parte, convén ter en conta os efectos sinérxicos, pois mentres que unha emisión pode non ser nociva nun entorno determinado, noutro distinto, pode combinarse con varios contaminantes de forma que o seu resultado sexa danoso.

É, pois, necesario, por unha parte, establecer unha zonificación no tratamento do Medio Ambiente por medio de permisos, xa que as consecuencias da contaminación dependen moito de factores climáticos e xeográficos, e tendo asemade en conta, os efectos sinérxicos, deixando a negociación reducida a permisos sobre un mesmo contaminante.

A combinación e asociación dos instrumentos regulamentarios e os económicos do Medio Ambiente, inflúe positivamente sobre o progreso e a innovación técnica. Os requisitos que se demostraron máis axeitados para obter este fin, son: impoñer normas tocante ós resultados sen precisa-los procedementos ou técnicas a empregar (sendo o máis óptimo que o resultado siga a liña das Ecotecnoloxías con proceso productivo e produtos 'limpos'), fixar prazos razoables para a posta en conformidade coa devandita normativa, complementariedade entre os instrumentos regulamentarios e os económicos para que a incitación á innovación se integre no mercado, favorece-la concertación coas empresas para trata-los problemas ambientais coa maior eficacia, examina-las obrigas fixadas por estas normativas para non incorrer en posibles contradicións tecnolóxicas, favorece-la difusión das informacións técnicas sobre métodos de loita contra a contaminación destinada ás industrias e ó público en xeral, simplifica-los procedementos xudiciais e administrativos para a aplicación de sancións, e controlar estas sancións en caso de incumprimento da normati-

va.

- **Internaliza-la toma de conciencia do Medio Ambiente**

É outro instrumento, distinto dos anteriores, e que frecuentemente se utiliza asociado ós instrumentos regulamentarios e económicos, consiste na toma de decisións individuais, exercendo presións, ou pola persuasión, ben directa ou indirectamente (por exemplo, nas negociacións en vista da conclusión de acordos ou de convencións entre a industria e os poderes públicos sobre os problemas medioambientais)¹⁰.

Así mesmo, cando se pensa que os instrumentos regulamentarios e económicos non van dar resultado, como pode se-lo caso de recuperación de pilas usadas que conteñen metais tóxicos, vidro usado para o seu reciclado, etc., emprégase a concienciación por medio de campañas de información, sensibilización e educación, que inflúan sobre o comportamento dos usuarios. A participación do público 'concienciado' por estas campañas, constitúe un eficaz complemento doutros instrumentos.

- **Instrumentos técnicos, científicos, tecnolóxicos**

Son unha aplicación á xestión dos coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos. Estes instrumentos teñen unha grande influencia sobre os outros tipos (reglamentarios e económicos), ben sexa porque aportan unha base lóxica irrefutable (fixación dos valores numéricos das normas, condicións de medida, bases dos impostos e axudas financeiras) ben, sobre todo, porque lles fan evolucionar á vista de investigacións, tentativas, ou o desenvolvemento de innovacións.

- **Reforma fiscal**

O feito de que a política en materia de Medio Ambiente se fixe uns obxectivos, implica a necesidade de adecua-lo réxime fiscal en función de ditos obxectivos, o cal leva consigo, a necesidade de establecer reformas que se poden agrupar en dous grandes categorías, que á súa vez, poden aplicarse de forma mixta ou asociada:

a) Sobre o produto: adoptando novos gravames sobre produtos potencialmente con-

taminantes ou eco-taxas.

- b) Adaptando os réximes fiscais existentes: cambiando aquelas taxas en vigor que impliquen a degradación do Medio Ambiente.

As eco-taxas han producir uns ingresos ó Estado, que dependerán da súa base e do número de unidades que se consideren. Estes ingresos pódense utilizar a continuación, ben dun xeito acorde co Medio Ambiente, como pode ser para atender pagamentos de servicios medioambientais colectivos, modificación de comportamentos no consumo desviándoo cara os produtos menos contaminantes, ou tamén se poderán integrar estes ingresos directamente ós Presupostos Xerais do Estado, sen que exista unha correspondencia directa entre o gravame e a aplicación ó Medio Ambiente. Se se quere evita-lo aumento da carga fiscal que suporán estes ingresos, poderase facer reducindo o importe doutras taxas.

● Cambios internacionais

Para aqueles países que se aproveitan do comercio internacional, sen pagar pola súa parte medidas de protección medioambiental, existe a opción de sancionalos conforme a acordos internacionais, con restriccións comerciais, pero iso pode ocasionar distorsións, polo que se considera máis idóneo a aplicación do PPP dentro dos plans que nesta materia, ten cada país.

3. O CUSTO DA CONTAMINACIÓN

O Medio Ambiente pódese considerar como un recurso escaso susceptible de ser consumido, un ben natural, que xoga ó tempo dous papeis exclufntes: é un ben para utilización dos consumidores e, ó mesmo tempo, é un factor de produción (como input productivo ou como receptáculo de residuos)¹¹. Esta utilización como factor de produción, de forma indebida, conduce á degradación deste ben, o cal prexudica ós consumidores e impide, ademais, a súa utilización como factor de produción cara a outros utilizadores que puideran optar correctamente a el, polo que a produtividade se reduce.

Por outra parte, o segundo utilizador do ben, deberá paga-la depuración da contaminación provocada por un primeiro utilizador,

repercutindo este gasto no prezo final do produto. Para tratar de evitar tanto a degradación, como que o seu causante obteña o ben máis barato (atopa o ben 'limpo' e non ten que depuralo), é necesario poñerlle prezo a este ben, non só para que o contaminador cubra os gastos de restituí-lo ben degradado á súa calidade orixinal (Principio Contaminador Pagador ou PPP), senón tamén para que calquera consumidor 'correcto' pague pola súa utilización (Principio Utilizador Pagador ou PUP).

Esta medida de pagar pola utilización dun ben ou recurso natural, ten carácter preventivo, en contraste coa 'versión curativa' que supón medir polo 'custo' a carencia do ben que se degradase. Este custo, valorado o nivel das perdas, pode tentar evitarse investindo nunha política de loita contra a contaminación, investimento este, moito máis barato (sobre todo, a longo prazo) cás perdas, ás veces inmensurables e frecuentemente de carácter irreversible. Non obstante, os Gobernos destinan unha porcentaxe moi pequena a este capítulo, dándose casos de Administracións que, por un lado, axudan á protección do Medio Ambiente e, por outro, potencian a instalación de industrias contaminantes.

3.1. PRINCIPIOS DIRECTORES RELATIVOS ÓS ASPECTOS ECONÓMICOS DAS POLÍTICAS DO MEDIO AMBIENTE.

3.1.1. O Principio Contaminador-Pagador (PPP)

O Principio Contaminador-Pagador (PPP)¹², aplicado dentro da organización de Cooperación e Desenvolvemento Económicos (OCDE) e da Comunidade Europea (CE), significa que deberán imputarse ó contaminador os gastos ocasionados polas medidas tomadas polos poderes públicos para que o Medio Ambiente retorne a un estado aceptable.

Este Principio que se divulgou coa frase de "quen contamina paga", vése agora completado coa aparición dun novo Principio que engloba e supera ó PPP, nos seus obxectivos de protección ó Medio Ambiente: trátase do Principio Utilizador-Pagador (PUP), que definiremos máis adiante. Estes Principios directores esta-

blecen unha base sobre a que se poden asentadas distintas políticas de Medio Ambiente.

Pero convén ter en conta que non podemos partir dunha análise simplista de contaminación-dano, xa que os efectos causados por un só axente contaminante poden ocasionar varios danos en cadea no Medio Ambiente, ademais dos detectados inmediatamente, outros que se poidan dar a longo prazo ou mesmo en sectores moi diferentes ó primeiro escenario e que non son tidos en conta polo mecanismo dos prezos (refrese este último caso, ós efectos externos ou externalidades); por outra banda, están tamén os efectos sinérxicos que se producen polo efecto conxunto da presenza simultánea de varios axentes contaminantes, o cal ten unha incidencia ambiental maior có efecto suma das incidencias individuais contempladas illadamente; e tamén hai que ter en conta os efectos acumulativos, etc.

Partindo entón da evidencia de que unha produción contaminante debe pagar ademais do prezo privado (prezo da produción) un prezo social (efecto negativo do proceso productivo sobre o Medio Ambiente máis as externalidades), para tentar paliar-la dita contaminación, atopámonos coa existencia de diversos instrumentos económicos empregados hoxe en día para reduci-la diferenza entre custos privados e custos sociais. Non obstante, para que estes instrumentos sirvan a modelos de Principios directores e a técnicas máis globais de toma de decisión, han de terse en conta a existencia das externalidades e a súa avaliación.

3.1.2. O Principio Utilizador-Pagador (PUP)

Dada a importancia que para a vida supoñen os recursos naturais limitados, é preciso vixiar-lo seu emprego óptimo, para que non se esgoten. Debido ós numerosos exemplos que denuncian o seu mal uso, a OCDE está a desenvolver-lo Principio Utilizador-Pagador (PUP), que significa que repercutirán sobre o utilizador a totalidade dos custos na tarificación dos recursos públicos¹³, é dicir, exténdese á totalidade de custos derivados da utilización dos recursos, o que implica englobar tamén ó PPP segundo o cal, o contaminador deberá soportar-lo conxunto de custos sociais ocasionados pola contaminación que causase. Ademais de ter en conta o

PUP e o PPP, tamén debe considerarse o Principio de Equidade polo que o reparto dos custos e beneficios que houbese, deberán ser socialmente aceptados.

O feito de que o beneficiario ou utilizador dun recurso, deba pagar-la totalidade de custos, significa pagar tamén por enteiro o custo social de oportunidade da súa utilización¹⁴, xa que a utilización dos recursos, está asociada á diminución do stock dos mesmos e esta redución conleva un custo, chamado 'custo para o utilizador', o cal reflexa o valor futuro do recurso ó que se renuncia, ó extraer no momento presente o produto ou o servizo considerado.

3.1.3. Especial referencia ós instrumentos económicos

Os Instrumentos Económicos son aqueles que, no caso do Medio Ambiente, serven para loitar contra a contaminación, polo xogo de incitacións financeiras e do mercado. Poden ser:

a) Instrumentos Económicos fiscais, como os gravames sobre a contaminación ou sobre o produto.

b) Instrumentos Económicos semifiscais, como é o gravame sobre o depósito ou reembolso por consignación que se fai pagar pola embalaxe que se reembolsa cando se devolve este, o que permite a reutilización e reciclado. Estes Instrumentos, verdadeiramente non teñen carácter fiscal, xa que é reembolsable.

c) Instrumentos Económicos que non son fiscais, coma os empregados en Estados Unidos, como son os dereitos de contaminación negociables en donde se crea un mercado de compra-venda da contaminación que non ten carácter fiscal e dá escoller entre contaminar ou non.

Os elementos comúns dos Instrumentos Económicos son:

- A existencia dun estimulante financeiro.
- A posibilidade de acción voluntaria, xa que permiten ós industriais a liberdade de resposta que consideren máis beneficiosas.
- Implicación dos poderes públicos relacionados con este ámbito.
- A intención de manter ou de mellorar (directa ou indirectamente) a calidade do Medio Ambiente aplicando estes instrumentos.

As políticas de Medio Ambiente utilizan os Instrumentos Económicos (Ve-lo Cadro) como

complemento á regulamentación (que tamén ten unha compoñente económica), a fin de reunir e

aplica-los fondos que facilitan a realización de Programas Medioambientais.

CADRO DE INSTRUMENTOS ECONÓMICOS

A) Gravames sobre vertidos	
DEFINICIÓN	Gravames de vertido baseados na cantidade e a calidade dos contaminantes no aire, na auga e no solo.
OBXECTIVOS E VANTAXES ESPECÍFICAS	Redución dos custos de posta en conformidade. Efecto incitativo potencial. Creación de ingresos. Flexibilidade.
CIRCUNSTANCIAS APROPIADAS	Principalmente para as fontes fixas. Variación do custo marxinal de descontaminación entre os diferentes contaminadores. Viabilidade e custo razoable da medida das emisións. Posibilidade para os contaminadores de reduci-las emisións e cambia-lo seu comportamento. Perspectivas de innovacións técnicas.
ADECUACIÓN PARA OS DIFERENTES PROBLEMAS / ÁREAS DO MEDIO AMBIENTE	AUGA: Elevada. (Exemplos: Gravames sobre as augas de superficie en Francia, en Alemaña e nos Países Baixos). AIRE: Media, en razón das dificultades de medida. (Exemplos: Gravames sobre as emisións de Nox en Suecia). RESIDUOS: Feble, en razón da complexidade do fluxo de residuos. Para as fontes fixas unicamente; os gravames por servizo prestado son máis apropiados. (Exemplos: Impostos sobre os residuos perigosos e gravames sobre os produtos de base da industria química nos Estados Unidos. Gravames sobre os excedentes de esterco nos Países Baixos). RUÍDO: Elevada, para os avións. Feble para os demais vehículos. (Exemplos: Gravames sobre o ruído dos avións nos Países Baixos e en Suíza).
PROBLEMAS	Complexidade e custos administrativos dos gravames detallados que afecten a tódolos contaminantes considerados. Necesidade de avaliar atentamente os efectos distributivos. En caso de asignación de ingresos, necesidade de establecer un sistema de adjudicación coherente.
B) Gravames sobre produtos	
DEFINICIÓN	Gravames que afectan ós produtos nocivos para o Medio Ambiente en estado de produción, de consumo ou de eliminación.
OBXECTIVOS E VANTAXES ESPECÍFICAS	Redución do consumo dos produtos considerados e/ou promoción dos produtos de substitución. Efecto incitativo. Creación de ingresos. Solución de recambio eventual ós gravames de vertidos. Aplicabilidade ás fontes difusas e móbiles. Implantación doada. Flexibilidade.
CIRCUNSTANCIAS APROPIADAS	Produtos consumidos en cantidade ou en volumes importantes. Produtos doadamente identificables. Forte elasticidade da demanda. Existencia de produtos de substitución. Necesidade de controla-las fontes difusas. Posibilidade de recorrer ás estruturas administrativas e fiscais xa empregadas.
ADECUACIÓN PARA OS DIFERENTES PROBLEMAS / ÁREAS DO MEDIO AMBIENTE	AUGA: Media: Para os produtos con risco de contamina-las augas de superficie ou do subsolo. (Exemplos: Gravames sobre os fertilizantes e os pesticidas en Noruega e en Alemaña). AIRE: Elevada, en particular para os combustibles (Exemplos: Impostos sobre o contido de xofre nos combustibles en Francia; impostos sobre os gravames dos carburantes de automoción en Finlandia e en Suecia; impostos diferenciais para as gasolinas con e sen chumbo (Alemaña, Francia, Noruega, Reino Unido, etc.)). RESIDUOS: Elevada. Para os produtos que deben ser reciclados ou eliminados con precaución. (Exemplos: Impostos sobre as embalaxes de bebidas non consignadas en Finlandia, sobre os sacos plásticos en Italia, sobre os aceites de engraxamento en Francia, en Alemaña). RUÍDO: Media. Para os vehículos de motor en funcións dos niveis de emisión sonora. (Exemplos: Ningún).
PROBLEMAS	Non é aplicable a produtos altamente tóxicos (é preferible recorrer a unha prohibición). Pouca elasticidade da demanda e raras solucións de recambio para certos produtos (gasolina, por exemplo). Incidencias sobre o comercio e sobre a concorrência. Problemas administrativos eventuais.

C) Sistemas de Consignación	
DEFINICIÓN	Depósito (gravame) imposto ós produtos potencialmente contaminantes, reembolsable no momento da devolución do produto ós lugares de almacenamento, de tratamento ou de reciclado.
OBXECTIVOS E VANTAXES ESPECÍFICAS	Eliminación, reutilización ou reciclado apropiado dos produtos. Redución eficaz do volume de residuos. Flexibilidade. Facilitade de implantación cando estean ligados ós sistemas de distribución local.
CIRCUNSTANCIAS APROPIADAS	Problemas medioambientais serios ligados á eliminación dos produtos. Posibilidade e rendibilidade do reciclado e da reutilización (existencia dun mercado para os materiais reciclados). Cooperación entre produtores, detallistas e consumidores. Custos administrativos reducidos.
ADECUACIÓN PARA OS DIFERENTES PROBLEMAS / ÁREAS DO MEDIO AMBIENTE	AUGA: Feble. Poderían ser aplicados ós recipientes de produtos que contaminan a auga, coma os pesticidas, ou a certos produtos (mercurio e cadmio nas pilas). (Exemplos: Ningún, pero en estudo para as pilas nalgúns países). AIRE: Media. Para os produtos contendo contaminantes atmosféricos potenciais (CFC nos refrixeradores, por exemplo) ou os recipientes que contaminan o aire na súa combustión (plásticos). (Exemplos: Ningún, pero en estudo para os recipientes de plástico). RESIDUOS: Elevado (Exemplos: Carrocerías de automóbiles en Noruega e en Suecia, recipientes de bebidas en numerosos países). RÚIDO: Ningunha.
PROBLEMAS	Sistemas de distribución eventualmente mal adaptados. Diferencia entre o custo da consigna e o custo do produto ou do residuo. Risco de fraude (descarga salvaxe). Eventuais incidencias comerciais.
D) Permisos Negociables	
DEFINICIÓN	Cotas medioambientais, autorizacións ou limiares sobre os límites de emisión que, unha vez atribuídos pola autoridade competente, poden ser negociados nun cadro predeterminado.
OBXECTIVOS E VANTAXES ESPECÍFICAS	Redución dos custos de posta en conformidade. Compatibilidade entre o crecemento económico e industrial nunha zona determinada e a protección do Medio Ambiente. Flexibilidade.
CIRCUNSTANCIAS APROPIADAS	Diferencias dos custos marxinais de posta en conformidade entre os grupos que son obxecto de regulamentación. Concentracións máximas de contaminantes do medio ambiente xa fixados ou esperados. Número de fontes suficientemente elevadas para permiti-lo bo funcionamento do mercado. Sistema máis doadamente aplicable ás fontes fixas. Perspectivas de innovacións técnicas. Impacto medioambiental sen relación co emprazamento das fontes. Impacto medioambiental tendo unha unión bastante desprezible coa data de vertido dos contaminantes. Cadro de implantación laborioso, realizable e pouco custoso.
ADECUACIÓN PARA OS DIFERENTES PROBLEMAS / ÁREAS DO MEDIO AMBIENTE	AUGA: Feble, pois o impacto medioambiental dos vertidos depende estreitamente do emprazamento das fontes e do período do ano. (Exemplos: Algúns casos en Estados Unidos). AIRE: Elevado. (Exemplos: Programa de "burbullas" e programa de compensación nos Estados Unidos, impostos por chumbo na gasolina, tratamentos de superficie das latas de conserva). RESIDUOS: Feble, en razón da estreita relación entre o impacto medioambiental e o emprazamento dos residuos. (Exemplos: Ningún, pero hai proxectos en Estados Unidos). RÚIDO: Feble, en razón da estreita relación entre o impacto das emisións sonoras e o emprazamento das fontes. Eventualmente posible para os avións. (Exemplos: Ningún).
PROBLEMAS	Aplicabilidade limitada cando máis dun contaminante está en xogo, a non ser que se poida establecer un "índice de equivalencia". Risco de impacto negativo para o Medio Ambiente se o efecto das emisións depende do emprazamento das fontes, especialmente se se trata de substancias tóxicas. Un estudo e unha implantación atenta impónense para a atribución inicial de permisos e autorizacións. Os obxectivos de orixe (niveis de partida) deben igualmente ser definidos de xeito preciso e rigoroso. Convén determinar atentamente o cadro territorial de intercambios. As regras e procedementos de implantación e aplicación poden resultar complexas. Custos de transacción elevados.

4. CONCLUSIÓNS SOBRE OS INSTRUMENTOS ECONÓMICOS

1. A decisión dos Gobernos para aplicar gravames económicos ós utilizadores e/o conta-

minadores do Medio Ambiente, virá condicionada, entre outros motivos, polos Acordos subscritos no ámbito internacional en materia de Medio Ambiente, o stock de recursos naturais, o nivel de degradación ambiental, e os efectos

políticos' que a adopción de ditos gravames poidan ocasionar, entre os que se inclúe o 'inconveniente' de converterse nunha medida impopular, pois, de feito, se precisaría unha moi boa información, educación e colaboración por parte dos industriais e do público en xeral, para que fora posible supera-la habitual actitude de que 'a ninguén lle gusta pagar'. Por outro lado, os intereses económicos inflúen moi directamente sobre os políticos, e tanto os primeiros coma os segundos, unidos á propia opinión pública, están condenados a entenderse dentro dos siste-

mas democráticos, tanto no ámbito nacional coma internacional, imponéndose, como di Panebianco¹⁵: "O resultado final da negociación, as accións governativas que xorden, será deste xeito sempre o efecto dunha pluralidade de impulsos e de innumerables tirapuxa e de pactos". Así, no devir deste 'tirapuxa', os Instrumentos Económicos pasaron de ser rexeitados pola maioría dos sectores implicados a, polo menos, ser comprendidos.

A variación desta situación, poderíamos expresala da seguinte forma:

POSTURAS DE REXEITAMENTO

- Os ecoloxistas, porque din que o Medio Ambiente non é susceptible de poñerlle un prezo que dea dereito a contaminar.
- O Goberno, porque ten reservas cara os Instrumentos Económicos porque supón unha novidade que non se sabe como vai ser recibida e se teme que politicamente non resulte unha medida rendible.
- A Administración pública, ofrece reservas ante o que se formulan como elección entre o seu papel como responsables do Medio Ambiente, ou ser responsables de finanzas e, doutra banda, cren que permiten menos control sobre o contaminador que os Instrumentos Regulamentarios.
- Tamén son rexeitados polos industriais que contaminan, debido a que supón un custo suplementario.
- Opinión pública na práctica, poden rexeita-los Instrumentos Económicos, xa que gravan os prezos ó consumo.

POSTURAS DE ACEPTACIÓN

- Os ecoloxistas pensan que os Instrumentos Económicos poden ser unha vía para contaminar menos e, mesmo, deixar de contaminar.
- Os Políticos están a perde-lo temor cara a reacción da opinión pública, xa que esta se está a concienciar cada vez máis a favor da protección do Medio Ambiente.
- A Administración pública comeza a ve-los Instrumentos Económicos como eficaces para a protección do Medio Ambiente e, de feito, a eficacia da súa aplicación está a orixinar unha desregulamentación da intervención do Estado¹⁶.
- Os industriais comprenden que, aínda que a industria prefire regularse a si mesma, non ten capacidade de autocontrolarse, polo que comeza a acepta-la conveniencia dos Instrumentos Económicos, mesmo atoparon un novo filón no que se denomina o 'capitalismo verde', ofrecendo produtos verdes, non só por prestixio de marca, senón fundamentalmente para dirixilo a un mercado cada vez máis grande do 'consumidor verde'¹⁷. Por outra parte, os Instrumentos Económicos dinamizan o mercado e potencian a innovación tecnolóxica.
- Polo menos, compréndese o significado da frase 'xantar de hoxe, fame para mañá' relacionado coa dilapidación consumista de recursos naturais, xa que se estes se degradan, escasearán máis e haberá que pagar tamén máis por eles. Así mesmo, a 'pureza ambiental' sitúase como sinónimo de maior calidade de vida. A aceptación crecente da opinión pública, atópase tamén compensada polo aumento de postos de traballo derivados da implantación de programas medioambientais.

2. Os Instrumentos económicos en moitos casos, cando os gravames se puxeron moi baixos, non lograron un resultado positivo en canto a cambia-lo comportamento ou en estimular-la innovación tecnolóxica. Tamén se comprobou que case en ningún caso, os instrumentos económicos desprazaron ou substituíron ós instrumentos regulamentarios, senón que eran, invariablemente, adicionais. E é que, de feito, os Gobernos continúan atopando a regulación directa máis efectiva e eficiente en casos onde se require levar a cabo unha actuación rápida (como por exemplo, no control de substancias altamente tóxicas)¹⁸; e, mesmo, os custos a través dos instrumentos económicos, poden ser para os contribuíntes —no caso de non estar fixados axeitadamente e non ter informado suficientemente ó público— menos obvios cós danos medioambientais que se tratan de prever.

3. Tamén hai que coidar que os gravames sexan verdadeiramente equitativos e non excesivos para sectores con poucos ingresos, sen que iso inclúa a aquelas industrias contaminantes que, por ningún medio, teñan posible acceso a un cambio tecnolóxico, e se saiba que sempre ou cada vez máis, seguirán degradando o Medio Ambiente.

4. O dito anteriormente para as industrias contaminantes, non é óbice para desexar que as axudas I+D (Investigación e Desenvolvemento), se destinen non só a grandes empresas, senón tamén ás pequenas e medianas, para permitírlle-lo o acceso a novas tecnoloxías non contaminantes. Neste aspecto, e para vixiar que estas axudas non se destinen polos adxudicatarios a tecnoloxías de 'fin de proceso' en detrimento das innovacións tecnolóxicas e de tecnoloxías limpas, é conveniente que se introduzan auditorías para investiga-las posibilidades da mellora da calidade ambiental da empresa, ó mesmo tempo que se avalian as alternativas posibles para minimizar calquera dilapidación. Como reforzo á aceptabilidade por parte das empresas, é importante a credibilidade e a boa imaxe pública que obteñen as 'empresas limpas', o que é "unha poderosa arma nas mans do consumidor e das organizacións ambientais"¹⁹.

5. É conveniente, cara á aceptabilidade dos Instrumentos económicos por parte das empresas, que exista comunicación entre estas e os

Organismos Institucionais, a fin de potenciar políticas e accións específicas que poidan ser incorporadas máis doadamente pola industria, mencionando como exemplo, o Consello Empresarial para o Desenvolvemento Sustentable (Business Council for Sustained Development), creado polas Nacións Unidas²⁰.

6. Sen embargo, os Instrumentos económicos non soen estar aplicados, ou esta-lo suficientemente ben aplicados nos países da OCDE debido á relativa abundancia dos recursos, á resistencia por parte dos órganos decisorios a establecer un aumento dos custos, á dificultade de establecer un réxime de tarifación eficaz para o uso dun ben común e, fundamentalmente, á insuficiente sensibilización do público en xeral. Mesmo, no eido comunitario, existen reticencias para paga-lo imposto por parte de países que contaminan o Medio Ambiente²¹.

7. Por último, hai que valora-la experiencia dos países da OCDE que aplicaron os Instrumentos económicos²², cuns resultados, que se poden resumir en que: permiten elixir ós contaminadores a elección dos medios a utilizar, para cumprir cos límites prescritos; constitúen unha incitación a reduci-la contaminación por debaixo destes límites, a través de tecnoloxía limpa; ofrecen máis elasticidade cá regulamentación; por medio da tarifación promóvese a conservación dos recursos; e procuran unha fonte de financiamento que poida destinarse a promover programas medioambientais.

NOTAS

1. Baséase nunha parte do Libro Terceiro da Tese de Doutoramento 'Análisis de Parámetros Internacionales para una Política Integradora en Materia de Medio Ambiente', de María García Añón, lida na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela o 28/10/91, acadando a calificación de 'cum laude'. Publicación en coedición MOPT-COTOP.
2. Estas 'ameazas' foron expostas no informe ó Clube de Roma de 1972: Meadows, Donella H.; Meadows, Dennis L; Randers, Jorgen; Behrens III, William W.: Los límites del Crecimiento. Informe ó Clube de Roma sobre o Predicamento da Humanidade. Primeira edición. Primeira

- reimpresión. (Orixinal en inglés: *The Limits to Growth*, 1972). Fondo de Cultura Económica. México. 1973.
- Tamén foron recollidas por: Sauvi, Alfred: *¿Crecimiento Cero?* Editorial Dopesa. Barcelona, 1973, pp. 8-11 e 211.
3. Declaracións do socialdemócrata alemán Oscar Lafontaine en 'El País', 13 de Maio de 1989, p. 6.
 4. Brundtland, Gro Harlem e outros: *Our Common Future*. WCED (World Commission on Environment and Development), 1987, pp. A1-A2. Traducción ó castelán: Comisión Mundial del Medio Ambiente y del Desarrollo: *Nuestro Futuro Común*. Primeira edición. Primeira reimpresión. Alianza Editorial. Madrid, 1989. A publicación de Alianza Editorial fíxose coa colaboración da Dirección de Medio Ambiente do MOPU.
Tamén se utiliza a expresión 'rendemento sustentable' como a cantidade dun produto que pode extraerse dun lugar a intervalos específicos, durante un período indefinido, sen afectar a capacidade do recurso de continuar a producir un determinado 'rendemento', o que estende o termo de 'rendemento' ou cantidade adicional dun produto determinado dispoñible nunha área dada ou poboación por unidade de tempo, segundo definicións do Dicionario aprobado polo Consello Executivo da Unión Internacional para a Conservación da Natureza e os Recursos Naturais (UICN), e publicado en Morges, 1972. O termo 'sustentable' aparece citado anteriormente ó Informe Brundtland en: Meadows, Donella H.; Meadows, Dennis L.; Randers, Jorgen; Behrens III, William W.: *Los Límites del Crecimiento*. Informe ó Clube de Roma sobre o Predicamento da Humanidade. Primeira edición. Primeira reimpresión. (Orixinal en inglés: *The Limits to Growth*, 1972). Fondo de Cultura Económica. México, 1973, p. 198.
 5. Sachs, Ignacy: "Enfoques de la Política del Medio Ambiente". (Primeira edición en *Political Economy of Environment*, AA.VV., 1972, École Pratique des Hautes Études et Mouton y en Co.), en Gallego Gredilla, J.A. (Selección). *Economía do Medio Ambiente*. Ed. Ministerio de Hacienda. Instituto de Estudios Fiscales. Madrid, 1974, p. 85.
 6. A política de loita contra a contaminación relacionada co PPP, foi mencionada polo Subcomité de Expertos Económicos da OCDE na súa Primeira Sesión do 15 e 16 de Xuño de 1971.
 7. Sobre xestión integrada do Medio Ambiente:
 - OCDE: Reunion a Haut Niveau des Experts de l'Environnement et des Questions Economiques et Financieres sur l'Integration de l'Environnement et de l'Economie. Document Thematique sur l'Intégration de l'Environnement et de l'Economie. Direction de l'Environnement. ENV/EC/HLM/ECO (90) 5. Barème D. OCDE. Paris, 14 Septembre 1990.
 - OCDE: Reunion a Haut Niveau d'Experts Economie/Finance et Environnement sur l'Integration de l'Environnement et de l'Economie. Document de Référence No. 3. Sur l'Integration des Politiques. Direction de l'Environnement. ENV/EC/HLM/ECO (90) 3. Barème D. OCDE. Paris, 14 Septembre 1990.
 - OCDE: Reunion du Comite de l'Environnement au Niveau Ministeriel, 30-31 Janvier 1991. Document de Référence No. 2. Tarification des Ressources. OCDE. Paris, Janvier 1991.
 - OCDE: Reunion du Comite de l'Environnement au Niveau Ministeriel, 30-31 Janvier 1991. Document de Référence No. 3. Integration des Politiques. OCDE. Paris, Janvier 1991.
 8. OECD: *The Economics of Sustainable Development*. A Progress Report. OECD. Paris, 1990, pp. 11-13.
 9. OCDE; Ross; Averous: *L'Etat de l'Environnement*. OCDE. París, 1991.
 10. OCDE: *Instruments Economiques pour la Protection de l'Environnement*. OCDE. París, 1989, p. 13.
 11. OCDE: *Implications Economiques du Contrôle de la Pollution*. Appréciation Générale. OCDE. París, 1974, pp. 59-61.
 12. Desenvolvido na OCDE: *Le Principe Pollueur-Payeur*. Définition, Analyse, Mise en Oeuvre. OCDE. París, 1975. OCDE: *La Mise en Oeuvre du Principe Pollueur-Payeur*. Recommandation Adoptée le 14 Novembre 1974, C(74)223.
 13. OCDE: Reunion du Comité de l'Environnement au Niveau Ministeriel, 30-31 Janvier 1991.

- Document de Référence No. 2. Tarification des Ressources. OCDE. París, 1991, p. 27.
14. Lykke, Erik: "La Protection de l'Environnement: Un 'Luxe' trop Couteux por Etre Negligé", en OCDE; Lykke, Erik; Agarwal, Anil e outros: Renforcement de la Coopération en Matière d'Environnement avec les Pays en Développement. OCDE. París, 1989, p. 29.
 15. Pasquino, Gianfranco [comp.] e outros: Manual de Ciencia Política. Alianza Universidad Textos. Alianza Editorial. Madrid, 1988, p.440.
 16. OCDE: Monographies sur l'Environnement, No. 18. L'Utilisation des Instruments Economiques pour la Protection de l'Environnement (Resumé et Conclusions). OCDE. París, Avril 1989, p. 26.
 17. Dowell, Jenny: "Los Capitalistas Verdes. La Ecología, Nuevo Negocio para los Industriales". Integral, No. 121, Barcelona, Enero 1989, pp. 14-19.
 18. OECD: The Economics of Sustainable Development. A Progress Report. OECD. París, 1990, pp. 12-13.
 19. Cramer, J.; Schot, J.; Akker, F. van der; Maas Geesteranus, G.: "Stimulating Cleaner Technologies Through Economic Instruments: Possibilities and Constraints" en Industry and Environment. (Energy Efficiency No. 2). April-May-June 1990. Vol. 13, No. 2. UNEP. París, 1990, pp. 46-53.
 20. Herraiz, Germán: "Ecologistas de boquilla" en Actualidad Económica, 8 Julio 1991.
 21. O Ministro de Industria, Claudio Aranzadi (1992), calificou de 'inxusto' o seu pagamento por parte de España, en comparación con outros países que contaminan máis, pero que non teñen que pagar por non pertencer á CE, como é o caso de Estados Unidos e Xapón.
 22. OCDE: Reunion du Comité de l'Environnement au Niveau Ministeriel. 30-31 Janvier 1991. Document de Référence No. 1. Lignes Directrices pour l'Application des Instruments Economiques dans les Politiques de l'Environnement. OCDE. París, 1991.
- BIBLIOGRAFÍA**
- BARDE, J.P.; GERELLI, E. (1977). *Economie et Politique de l'Environnement*. París: Presses Universitaires de France.
- BIFANI, P. (1984). *Desarrollo y Medio Ambiente*. Madrid: Servicio de Publicaciones del Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo. MOPU.
- GARCÍA AÑÓN, M. (1983). *Desde la Fosa de la Muerte. Informe sobre Vertidos Radiactivos en el Mar*. La Coruña: Edición do Castro.
- GARCÍA AÑÓN, M. (1988). Algunos Aspectos Económicos y Jurídicos de la Política Medioambiental. *Dársena*, No. 0, 1988. La Coruña: Universidad Nacional de Educación a Distancia.
- GARCÍA AÑÓN, M. (1988). La Política de la CEE en Materia de Medio Ambiente ¿Una Política Integradora? *Boletín del Centro de Documentación Europea de Galicia*, No. 1, Enero-Febrero 1988. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela.
- GARCÍA AÑÓN, M. (1990). El Papel de las Ecotecnologías en las Políticas Medioambientales. AA.VV. *Reflexiones sobre el Medio Ambiente*. Madrid: Fundación Friedrich Ebert.
- GARCÍA AÑÓN, M. (1992). Las Barreras de las Empresas ante la Adopción de Instrumentos Económicos en Materia de Medio Ambiente (Ecoimpuestos). *Empresa y Ciencia Política*. Madrid: Instituto de Recursos Humanos. Universidad Complutense.
- GARCÍA AÑÓN, M. (1992). Los Impuestos Medioambientales. *Anuario El Correo Gallego 1992*. Santiago de Compostela: Editorial Celta, S.A.
- GOUGH I. (1982). *Economía Política del Estado del Bienestar*. Madrid: H. Blume Ediciones.
- KAPP, K.W. (1966). *Los Costes Sociales de la Empresa Privada*. Barcelona: Ed. Oikos-Tau.
- KISS, A. [Dir.]. (1989). *L'Ecologie et la Loi. Le statut Juridique de l'Environnement*. París: Editions L'Harmattan.
- KISS, A. (1989). *Droit International de l'Environnement*. París: Editions A. Pedone.
- MÄLER, K.G.; WYZGA, R.E. (1976). *La Mesure Economique des Dommages dans le Domaine de l'Environnement*. París: OCDE.
- OCDE. (1981). *Les Instruments Economiques dans la Gestion des Déchets Solides*. París: OCDE.
- OCDE (1985). *Environnement et Economie*. Résultat de la Conférence Internationale sur l'Environnement et l'Economie, 18-21 Juin 1984. París: OCDE.
- OCDE; MAINI, J.; et al. (1986). *Information et Ressources Naturelles*. París: OCDE.
- OECD. (1991). *Environmental Indicators. A Preli-*

minary Set. Indicateurs de l'Environnement. Une Etude Pilote. Paris: OECD.

STAHRL, E.; LETEY, J. (1975). *Ordenación y Gestión del Medio Ambiente*. Madrid: Instituto de Estudios de Administración Local.